

## **CONSELLO TERRITORIAL DE O COUTO**

Data: 22 de outubro de 2025

Lugar: CCS do Couto

Hora de comezo: 19:35 h

Hora de remate: 20:55 h

## **CONVOCATORIA E ASISTENCIA**

Están convocadas, ademais das persoas designadas por cada grupo municipal para este barrio, as entidades asociativas rexistradas na zona.

Asisten ao Consello Territorial as seguintes persoas do tecido asociativo e dos diferentes grupos políticos da Corporación:

- Olga Ameneiro López (Concelleira de Participación) Presidenta do Consello Territorial
- Manuel Antonio Ramos Rodríguez (Terra Galega - Concelleiro de Servizos, Medio ambiente e Sanidade)
- Eugenio Carballeira López (Bloque Nacionalista Galego)
- Gonzalo Iglesias Blanco (Partido Popular)
- Xosé Francisco Roade Servia (Avv do Couto)
- Ramón Francisco Couto Bellas (Avv do Couto)
- Fátima Otero Mahía (Avv do Couto)

Xunto con Eva Paola Bermúdez Porras en calidade de equipo técnico da Escola de Participación Cidadá e Secretaría Técnica do Consello Territorial.

### **Benvida e apertura**

Olga Ameneiro dá a benvida a todas as persoas participantes e explica o sentido deste Consello territorial de outono. Nun primeiro momento só acude o presidente da asociación veciñal e convídao a contar un pouco sobre o estado da asociación.

Xosé Ramón Roade explica que agora mesmo son catro persoas na directiva, que é o momento con menos persoas formando parte e a dificultade para impulsar cousas que isto implica.

A asociación desenvolve traballo en tres liñas: actos culturais, principalmente centrados no coro da asociación (a entidade está asociada á Federación Coral Gallega); eventos por efemérides ou celebracións, como o festival de Entroido ou a celebración do San Xoán; e a canalización de demandas da veciñanza para dar traslado a Servizos.

Destacan as problemáticas relacionadas coa burocracia e as cuestións bancarias. As barreiras dos propios bancos á hora de ter unha conta bancaria debido as cotas de mantemento, as penalizacións por devolucións de recibos etc. Siguen recompilando

as cotas de persoas socias acudindo ás casas, o cal implica moito tempo e dedicación. As persoas asistentes reflexionan sobre esta dificultade e engaden información sobre algunhas alternativas, tales como:

- Engadir nos estatutos que as penalizacións por devolución serán a cargo das asociacións, como comparte Olga Ameneiro que incorporou a Asociación de Comerciantes de Narón.
- Valorar outras alternativas como as Cooperativas, como comparte Eugenio Carballeira sobre a súa experiencia coa Cooperativa Meirás. Mencionan ter revisado as condicións da Cooperativa do Val por outros asuntos, pero quedan pendentes para revisar novamente por se fora unha alternativa viable.
- Poñer en común con outras entidades para ver que opcións son as mellores. Reflexionamos sobre que sería moi interesante ter recompilada algunha comparativa de condicións bancarias, algo que ten pendente de facer a asociación veciñal. Dende a Escola quedamos pendentes por se algunha entidade tivera recompilada esta información para engadila ao 'kit de benvida'.

Durante esta conversa xa estamos a totalidade das persoas asistentes e continuamos co previsto da sesión.

Preséntase a axenda e o sentido da sesión.

## **ORDE DO DÍA**

### **1. Benvida, presentación do Consello territorial e rolda de presentación.**

### **2. Punto informativo sobre varios asuntos de interese para as entidades.**

- Regulamentos relacionados co asociacionismo e a participación en Narón:
  - Regulamento de Participación Cidadá e estado de modificación
  - Regulamento de cesión de uso/utilización de espazos e dependencias municipais do Concello de Narón
- Oficina de Transformación Comunitaria

### **3. Revisión de temas de relevancia para o conxunto das entidades.**

- Cumprimento dos Regulamentos · Dereitos e obrigas
- Cogobernanza · Uso e xestión de espazos municipais
- Dinamización comunitaria · Visibilidade e difusión

### **4. Outros temas. Rogos e preguntas.**

### **5. Peche.**

## **DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

Continuamos co seguinte **punto informativo sobre varios asuntos de interese para**

**as entidades** onde compartimos as seguintes cuestións.

1.- Regulamento de Participación Cidadá. Infórmase da aprobación inicial da modificación do Regulamento e que está aberto o prazo de suxestións/alegacións ata o 14 de novembro. Tamén infórmase do que recolle o Regulamento en relación ás entidades cidadás municipais, en torno a dereitos e deberes, e a obriga de actualizar os datos no primeiro trimestre do ano.

2.- Regulamento municipal de cesión de uso/utilización de locais e dependencias municipais do Concello de Narón. Reflexionamos sobre a necesidade de revisar en que estado se atopan as entidades non actualizadas que non están a facer uso do CCS pero que forman parte do Consello reitor do Couto.

3.- Oficina de Transformación Comunitaria (OTC). Manuel Ramos informa das funcións da OTC de Narón e de que estará dispoñible nos próximos 8 meses para o asesoramento no desenvolvemento de iniciativas relacionadas coas enerxías renovables e de accesibilidade, e a creación de comunidades enerxéticas locais.

**3. Revisión de temas de relevancia para o conxunto de entidades.** Poñemos en común estes temas e o porque os propoñemos para abordar nestes espazos, mais abrimos o punto para valorar conxuntamente sobre que temas están máis presentes ou teñen máis urxencia para este espazo. **"4. Outros temas"**. Tanto a entidade como as persoas representantes doutros partidos políticos achegaron dúbidas e suxestións en torno aos seguintes temas:

1.- Modificación do regulamento da taxa do Imposto de Bens Inmóveis (IBI). Dende o goberno municipal menciónase que se vai aprobar unha baixada do 50%. Preguntan polas condicións e o número de anos. Informan que é unha aprobación que ata que haxa outra modificación non se vai mudar, e sobre as condicións infórmase de que en principio non hai condicións específicas pero que se revisará e informará.

2.- Ventanas CCS. Roade, en representación da asociación veciñal, pregunta cales son as ventanas que se van cambiar. Dende o Concello infórmase de que está prevista unha reforma por valor de 52.800€, igual que no CCS de San Xiao, que teñen a mesma estrutura e mesmo número de ventanais. Gonzalo Iglesias pregunta se a obra entra por eficiencia enerxética e Olga Ameneiro responde que está dentro das inversións. Menciónase que o CCS o ano que vén cumpre 40 anos dende a súa construción, e máis de vinte dende a súa ampliación.

3.- Beirarrúas e mantemento da avda. Souto Vizoso (*carretera da Faísca*). Pregúntase pola competencia. Infórmase de que é unha estrada da Deputación á que se lle esixiu o arranxo debido ao mal estado no que se atopa. Dende a Deputación responden que o mantemento é competencia do Concello, pero dende o Concello informan que esa avenida precisa unha obra maior para que cumpra coa normativa, engadir beirarrúas

que aseguren a accesibilidade necesaria. Dende o Concello informan de que, en caso de seguir sen obter unha solución deberán actuar para “poñer un parche”, pero que esa non é a cuestión, que precisa unha actuación maior e que o ideal sería que a Deputación asumise ese arranxo e o cedera a titularidade municipal para continuar encargándose da estrada.

4.- Senda Peonil Longaras. Está previsto dentro do DIL (antes EDUSI) unha serie de actuacións entre elas este paseo que una o paseo da Gándara e o paseo de Freixeiro. Está aprobado, mais aínda por redactar, solicitar permisos a Costas, expropiar o que se precise, e levar a cabo. Antes dos próximos catro anos debería estar finalizado.

5.- Problemática tanque tormentas entre Cornido e MEGASA. Dende a asociación veciñal infórmase do mal estado do tanque de tormentas, que foi desbrozado, pero iso provocou un impacto sobre a reixa e agora hai un furado que está tapado polas silvas pero que podería ser perigoso. Dende asociación quedan en enviar unha foto do lugar para que o Concello revise de quen é competencia, se de Costas ou Fomento.

6.- Inauguración piscina. Dende a asociación veciñal preguntan se vai haber unha ampliación do aparcamento. Manuel Ramos informa que está contemplada unha zona de abaixo do CCS.

7.- Seguridade piscina. A asociación veciñal pregunta se vai haber cámaras. Manuel Ramos informa que si, que as instalarán pronto. Tamén preguntan se será de cloro ou sal e Fátima informa que será de sal.

8.- Chan terraza. Informan de que hai algunha plaqueta con desnivel. Que na construción da autovía moveuse a terra e provocou algún cambio estrutural no CCS, como esta cuestión da plaqueta, ou que a porta que está á esquerda do escenario non pecha. Olga Ameneiro queda en sacar unha fotografía do chan ao rematar o Consello e dar aviso.

9.- “Camerinos” CCS. Dende a asociación veciñal sinalan que o chan desta zona é moi complicado de limpar, que parece constantemente sucio. En caso de haber algunha modificación, telo en conta para cambiar o material.

### **Peche.**

Peche a sesión Olga Ameneiro agradecendo a asistencia e participación tanto das representacións políticas como veciñais, e realiza un breve resumo sobre os apuntes e peticións recollidas. Por último, cóbrese a folia de rexistro de persoas participantes.

En O Couto, a 22 de outubro de 2025.